

TAREFAS DE RECUPERACIÓN DA 1ª AVALIACIÓN- 1º BAC

1 Nesta listaxe de palabras aparecen mesturadas palabras cultas e patrimoniais. Agrúpaas e clasifícaas:

paixón, veo, meigo, convir, volatilizar, colorido, medicina, indoloro, contía, donativo, aluaxe, rella, caravilla, la, lúa, lumieira, corar, acueduto, cenáculo, regra, lanuxe, núa, regular, pa, pasional, iluminar, soar, velar, comenencia, salientar, paleta, dor, lunático, clavícula, cuantioso, colocar, doazón, beicer, voo, chavella, saínte, nudismo, separación, inconveniente, alumar, renonancia, reixa, xebrar, colgar, cea, agua, bendicir, máxico, menciñeiro.

2 Lembrando os casos de acentuación diacrítica, indica o significado e constrúe unha frase con cada unha das seguintes palabras:

té / te

nó / no

sé / se

vén / ven

cós / cos

3 Indica se as seguintes achegas lingüísticas pertencen ao substrato ou ao superestrato do galego e especifica o tipo:

Carrabouxo, albanel, Suevos, carqueixa, veiga, Godos, croio, sopa, roupa, mata, burato, Allariz, alfaiate, orgullo, bidueiro, Castromil, rodaballo, oxalá, Céltigos, sobaco.

4 Responde as seguintes preguntas.

- Que é unha **lingua franca**? Pon algún exemplo.
- Cal é a diferenza entre **lingua pidgin** e **lingua crioula**? Exemplifícao.
- En que territorio o **aranés** ten o estatus legal de lingua cooficial?
- Que é unha **lingua illada**? Pon algún exemplo.

5 Avalía a túa competencia lingüística en galego e en castelán a partir das catro destrezas básicas:

Galego

Castelán

entender

falar

ler

escribir

- Dominas por igual ambas linguas? Ou nalgunhas destrezas es máis competente nunha lingua ca na outra?
- Cal das dúas linguas utilizas máis nos seguintes ámbitos?

- a) contorno
- b) de compras
- c) familia
- d) no médico

6 Analiza a utilización da lingua galega e castelá no teu contorno:

- Úsanse as dúas linguas nas mesmas situacións? Ou a cada unha adxudícaselle unha función diferente?
- En que ámbitos che parece que predomina unha ou a outra?

7 «Gústame... o galego!» é unha campaña para promocionar a lingua galega.

- Entra en <http://www.youtube.com/watch?v=UjJAfCCdkTo> e inventa algún lema para completar os anteriores.
- Le o seguinte texto e analiza:
 - a) os destinatarios;
 - b) a expresión acadada.

Máis de 5 000 persoas participaron na campaña da CTNL ‘Gústame o galego’, que xa suma máis de 10000 seguidores en Facebook e 50 sesións de photocall.

«Gústame..., que me digan “qrt m8” ;-); que nos pubs poñan música en galego; que non me traduzan o café con leite; que intenten falar galego, aínda que che custe un pouquiño...; que me entren en galego...». Son lemas e frases que utilizan centos de galegos: estudantes, camareiros e camareiras, políticas e políticos, artistas, nais e pais, fontaneiros e fontaneiras, rapazada, actores e actrices, xornalistas, profesorado... E é que xa son máis de 5 000 persoas de todas as idades que se apuntaron ao «Gústame o galego», unha iniciativa da Coordinadora de

Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua (CTNL).

A campaña consiste en retratarse con algún dos arredor de 50 lemas da campaña «Gústame o galego».

Éxito nas redes sociais

Precisamente, un dos éxitos desta campaña é o photocall, en que as persoas se poden retratar e apoiar así esta acción. Xa pasou polas sete cidades e por un bo número de municipios. Por iso, a

repercusión desta campaña nas redes sociais é moi alta, con algunha foto que foi compartida por unhas 1 000 persoas, con algúns álbums vistos por máis de 20000, e cunha páxina en Facebook que supera os 10 000 seguidores e seguidoras, e que ten un alcance que, nalgúns semanas, rolda as 70 000 persoas.

A campaña vai seguir a desenvolverse nos vindeiros meses para achegarlle á cidadanía mensaxes a prol do galego e, no marco dela, hanse desenvolver algunhas novas accións, que se irán anunciando proximamente.